

3. A REPÚBLICA (509-27 A.N.E.)

A República de Roma esténdese desde o fin da monarquía romana, con Tarquinio o Soberbio, e o ano no que Octavio toma o título de Augusto, que dará inicio á época imperial.

OS PRIMEIROS ANOS DA REPÚBLICA

Se excluímos aos escravos, na Roma temperá había dúas clases sociais: os *patricii* ou “patricios” (que eran orixinalmente os únicos que tiñan dereitos civís e conformaban o *populus* “o pobo”, de onde se recrutaba o exército), e os *plebes* “plebeos”, outros romanos libres. Os plebeos eran, habitualmente, campesiños con pouco ou ningún poder político.

Así, a organización governamental de Roma tiña como eixo central esa loita política entre patricios e plebeos.

Os primeiros anos da República estiveron dedicados a resolver conflitos internos e sentar as bases políticas e sociais para a súa expansión militar.

LIÑA TEMPORAL

ca.506 a.n.e.	Os etruscos son derrotados por unha alianza de cidades latinas na batalla de Cumas.
ca. 496 a.n.e.	Os romanos derrotan un exército latino unificado cerca do lago Regillus; Roma, a continuación, fai unha alianza coa Liga Latina.
ca.390 a.n.e.	O exército romano é derrotado por forzas galas na batalla do río Allia. Os galos saquean Roma.
358 a.n.e.	Roma tórnase líder da nova Liga Latina tras derrotar en batalla a unha alianza de cidades latinas.
343 a.n.e.	Primeiro conflito entre romanos e samnitas.
280 a.n.e.	O xeneral grego Pirro gaña dúas vitorias “pírricas” sobre Roma. Derrótano 8 anos despois.




ILUSTRACIÓN 1: EXÉRCITO DE PIRRO, POR JOHNNY SHUMATE

No século III a.n.e., Roma era xa, practicamente, dona de toda Italia. Con todo, o afán expansionista de Roma tiña un rival: Cartago. Cando os romanos tomaron a cidade de Mesina, en Sicilia, desencadeáronse as guerras púnicas.

AS GUERRAS PÚNICAS

A PRIMEIRA GUERRA PÚNICA

A guerra comeza cun triunfo de Roma. Con todo, o caudillo romano Régulo é feito prisioneiro en África, o que permite que os cartaxineses se repuxeran e derrotaran aos exércitos romanos en Sicilia. Finalmente, os romanos conseguiron a vitoria nas illas Égades, cerca de Sicilia, no 241 a.n.e.

A SEGUNDA GUERRA PÚNICA

No 218 a.n.e., Aníbal lanzouse á conquista de Sagunto, en Hispania, e cruzou os Alpes camiño de Italia, Cando Roma estaba a piques de caer, o xeneral detívose en Capua para agardar reforzos, oportunidade que aproveitou o xeneral romano Publio Cornelio Escipión para atacar Cartago. Aníbal foi derrotado en Zama e Cartago quedou sometida a Roma.

A TERCEIRA GUERRA PÚNICA

Xurdiron novos focos rebeldes en Cartago, así que Roma propúxose destruíla completamente Tras un asedio que comezou no 149 a.n.e., a cidade foi arrasada no ano 146 a.n.e. 80 anos despois, termina definitivamente o conflito.

LIÑA TEMPORAL

264 a.n.e.	O asedio de Mesina polo rei Hierón de Siracusa impulsa a Primeira Guerra Púnica
260 a.n.e.	Roma derrota a Cartago na batalla de Mylae.
241 a.n.e.	A destrución da frota cartaxinesa na batalla das illas Égades pon fin á Primeira Guerra Púnica.



ILUSTRACIÓN 2: "ROME - PUNIC WAR BATTLE" BY PATRICK GRAY, CC BY 2.0

219 a.n.e.	O asedio de Sagunto por Aníbal é o detonante da Segunda Guerra Púnica.
218 a.n.e.	Aníbal cruza os Alpes e entra en Italia cun exército de 40.000 homes
216 a.n.e.	Aníbal derrota terriblemente ao exército romano na batalla de Cannas.
202 a.n.e.	A vitoria romana na batalla de Zama marca o final da Segunda Guerra Púnica.
146 a.n.e.	Tras un asedio iniciado no 149 a.n.e., a cidade de Cartago é arrasada.